

BASES QUE REXEN A PARTICIPACIÓN NO ALEN “ II SALON CORUÑA DO OUTLET”

O Servizo Municipal de Emprego do Excmo Concello da Coruña , dentro do Plan Integral de Apoio ó Comercio para o ano 2009 convoca o Alen “ II Salon Coruña do Outlet”

Consiste nunha Feira que pretende ser un instrumento que sirva para dinamizar a actividade comercial do pequeno comercio da nosa cidade, a través dunha acción que beneficie tanto os comercios participantes como ós consumidores en xeral.

A planificación e execución da acción levarase a cabo polo Servizo Municipal de Emprego do Concello da Coruña.

Todo isto con arreglo as seguintes **BASES**:

Base 1ª.- OBXECTIVO.

O obxectivo da acción é que o pequeno comercio da cidade da Coruña libere aquela mercadoría acumulada fora de tempada -existencias ou stocks-, mediante a celebración dun evento que contemple a concentración da oferta nun lugar e momento determinado, brindando ós cidadáns a posibilidade dunha compra de oportunidade a un prezo sensiblemente rebaixado.

Base 2ª.- PARTICIPANTES.

Esta iniciativa está dirixida ó pequeno comercio da cidade da Coruña, quedando excluídos os establecementos que pertencen á grande distribución.

Base 3ª. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN.

1. A participación queda exclusivamente reservada a aqueles establecementos, tendas e comercios con ubicación física no termo municipal coruñés

2. Só se poderá presentar unha solicitude por establecemento e/ou persoa nos prazos previstos nestas bases. De non ser así, procederase a súa anulación.

3. Os comerciantes seleccionados para participar na Feira de Stocks, deberán necesariamente presentar a documentación requirida nestas bases nos prazos previstos para a súa participación no devandito evento. De non presentar a documentación no prazo establecido, cancelarse automaticamente a cesión do stand, reservándose o dereito para adxudicar este espazo a outro comerciante que estea na lista de espera.

4. Todos os artigos que se vendan na Feira deberán ser stocks e non mercadorías mercadas para a ocasión.

5. A adxudicación do stand realizarase segundo se establecen nestas bases.

6. Se adxudicaran como máximo 32 m2 por solicitude, excepcionalmente , so no caso de ter espazo sobrance, a organización reservase o dereito da adxudicación de máis metros

7. Se algún establecemento participante oferta artigos con algunha tara, deberá comunicalo mediante un cartel donde se explique que son produtos con algún defecto.

Base 4ª .- INSCRICIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para a participación no evento deberán ser presentadas ou entregadas ós Técnicos Municipais nas instalacións do Centro Municipal de Emprego ou a través do FAX nº 981.18.43.98. Remítase solicitude de conformidade de recepción de súa selección no caso de presentación entregada ós Técnicos Municipais a través da solicitude asinada polo técnico, e no caso de entrega por FAX a través da remisión con conformidade de recepción o FAX do remitente.

O prazo máximo de **presentación de solicitudes será o día 4 de setembro.**

Base 5ª .- SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN DE PARTICIPANTES

O Comité de Selección estará integrado por expertos en materia de comercio e en calquera caso por técnicos municipais de promoción Económica.

Para a adxudicación dos stands e selección dos participantes teranse en conta os criterios de calidade do produtos, diversidade da mixtura comercial e cantidade do surtido global do evento..

Terán dereito de selección e adxudicación preferente aqueles establecementos que participaron no Alen do ano 2008. Este dereito preferente circunscribe unicamente a reserva de espazo na planta baixa sempre e cando non se supere os límites establecidos na Base 3 punto 6

Selección de participantes e adxudicación de stands o **días 9 e 10 de setembro**

Comunicación os establecementos seleccionados ós **días 14 e 15 de setembro**

O **criterio de adjudicación dos stands** realizaránse según criterio do comité de selección nomeado para tal fin.

Base 6ª.- REMISIÓN DE DOCUMENTACIÓN DE ADJUDICATARIOS.

Efectuada e comunicada a adjudicación os establecementos adjudicatarios deberán remitir o Concello, para a reserva en firme, por Fax: 981.18.43.98, e-mail: emprego@coruna.es, a seguinte **documentación antes o do día 18 de setembro**:

- Xustificante de estar dado de alta no Imposto Actividades Económicas (IAE)
- Xustificante de estar dado de alta na Seguridade Social.
- Fotocopia do DNI do titular ou CIF da entidade.

En todo caso é responsabilidade de cada establecemento comercial o cumprimento e veracidade da documentación presentada, así como o cumprimento de calquera outra obriga rexistral, mercantil, laboral e fiscal que como actividade empresarial deban ter.

Base 7ª.- OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Os participantes estarán obrigados a asistir a todas as reunións de información e formación que sobre a realización do evento se organicen dende o Concello, ademais deberán cumprimentar a enquisa de valoración e satisfacción do evento.

Base 8ª.- STANDS E ALMACENAXE.

1. Os stands teñen un tipo de mobiliario estándar podendo aportar outros elementos cada expositor en función das súas necesidades, garantindo unha presentación correcta e atractiva. O custo do mobiliario será por conta dos comerciantes.

2. Aqueles comerciantes que desexen ter dentro do stand un probador, deberán comunicalo a organización, e faranse cargo do coste do montaxe

3. Non se permite a montaxe de stands descoidados, podendo reclamar calquera membro da Organización o seu acondicionamento.

4. A limpeza interior dos stands corre a cargo de cada expositor e deberá realizarse fora do horario de apertura ó público.

5. As paredes e estrutura dos stands non se poden pintar, perforar ou cravar. Calquera dano producido será afrontado polo comercio infractor.

6. Calquera dúbida que xurda á hora de realizar a decoración do stand poderá consultalo coa Organización.

7. A ubicación dos expositores nun ou noutro stand farase segundo se establece nestas bases.

8. Os comerciantes disporán do seu stand para a súa **decoración e acondicionamento o día 8 e 9 de outubro de de 14:00 a 24:00 horas.**

9. **A feira remata o día 12 de outubro ás 21:00 horas.** Os expositores deben tomar as medidas necesarias para deixar libre o seu stand a partir desa hora e, en calquera caso, esa mesma noite.

10. A organización establecerá un tempo de estacionamento para a carga e descarga dos produtos para a venda no Outlet.

11. A almacenaxe de produtos farase no recinto establecido pola organización, a mercancia depositada no almacen deberá ir embalada es sinalada de tal xeito que permita en todo momento a súa identificación. Acreditarase a catro persoas por comercio para o uso do almacen, sendo dita acreditación persoal e intransferible.

Base 9ª.- DATA E HORARIO.

O ALEN que organiza o Concello da Coruña para o pequeno comercio da cidade desenvolverase no PALEXCO, durante os **días 10, 11 e 12 de outubro de 2009**. Permanecerá aberta, de **10 a 21 horas** de forma ininterrompida. O acceso á mesma será gratuito. Os participantes deberán estar nos seus stands puntualmente (recoméndase estar no stand 10 minutos antes da súa apertura). Considerase como falta grave o incumplimento do horario establecido.

O aparcadoiro no recinto, fora de horario de carga e descarga, farase no parking do Palexco e ira por conta dos comerciantes o precio estipulado para o estacionamento de vehículos.

Base 10ª.- PUBLICIDADE.

A publicidade no interior do recinto feiral referirase exclusivamente á mercadoría que se expoña segundo a Solicitud de Reserva do Espazo. Só se poderá realizar no interior do stand, axustándose ós usos publicitarios normalmente admitidos e absténdose de todo procedemento que conleve molestias para os demais expositores ou visitantes ou que implique competencia desleal. A publicidade por medios acústicos, con sistemas de proxección de imaxes ou calquera acto publicitario a realizar tanto no stand como no recinto feiral necesitan previa autorización da Organización.

A Organización resérvase o dereito de tomar fotografías e imaxes dos stands e mercadorías e reproducilas nas súas publicacións e medios de promoción oficiais.

Base 11ª.- SEGURIDADE.

No horario no que a feira estea aberta ó público, sempre haberá algunha persoa da Organización, así como persoal municipal no punto de información.

Durante o horario de apertura da feira, os expositores responsabilizaranse de realizar controis e adoptar as medidas oportunas para evitar a perda ou furto da mercadoría por cada un deles exposta.

Base 12ª.- ACEPTACIÓN.

O Concello da Coruña resérvase o dereito de decidir sobre calquera extremo ou de modificar as súas bases sen previo aviso. E se reserva o dereito de excluír inmediatamente da Feira a calquera que non as respete debidamente. En tales casos non se lle concederá ó expositor ningunha compensación por danos e perxuizos.

A participación nesta Feira implica a aceptación total das Bases.

Estas bases están depositadas nas dependencias do Centro Municipal de Emprego, sito en Crta do Fortes s/n, e con número de teléfono 981.18.43.99, para a súa consulta e aclaración.

ANEXO: Solicitud de participación en:

ALEN "II SALÓN CORUÑA DO OUTLET" 2009

Data de inscrición ___/___/___

Nome do Titular/es: _____

Nome do establecemento: _____

Data de apertura do establecemento _____

Nº de empregados _____

Sector: _____

Definición da actividade: _____

CIF: _____

Enderezo: _____

Telf: _____

Fax: _____

E-mail: _____

Cubrir o máis exhaustivamente posible o seguintes datos:

Tipo de artigo a vender no Outlet	Nº de unidades á venda	Descostos establecidos	Marcas dos artigos

Nº de metros que desea (8m2 / 16 m2 /32 m2):

Nº de stands que dexesa::

Sinatura do Titular:

Selo da Empresa:

Observacións: